



Galicia fai a súa contribución á produción cinematográfica española a través dunha serie de compañías produtoras de distinto tamaño, estrutura e plantexamento empresarial, que foron xurdindo a partir dos anos oitenta do pasado século.


Datos promedio das películas con participación galega.

Indicador	Dato
Duración da rodaxe (Días)	122
Tempo desde o remate da rodaxe á estrea comercial (Días)	338
Presuposto total da película (euros)	2.825.529
% de coincidencias director/produtor	32,91%
% coincidencias director/guionista	73,42%
Total de copias distribuídas por título	88
% coproducións desenvolvidas sobre o total de producións	39,24%
% de participación galega máis importante	44,03%
% de participación galega total na película	56,48%


Nota: Considéranse 80 títulos, a maior parte deles estreados a partir do 2000.

- É reducida a presenza entre os títulos estreados de **directores galegos menores de 40 anos**, o que fala da necesidade dun relevo xeracional.
- En case tres de cada catro producións das analizadas a **figura do produtor e o director coinciden**.
- Dase case un 40% de **coproducións** entre os títulos analizados, nas que a parte galega e minoritaria nas máis das veces, e achega só financiamento, localizacións e parte do equipo en proporción coa participación.
- O período entre a fin da rodaxe e a estrea comercial é por termo medio de case 340 días, o que indica un **período de maduración do proxecto elevado** que pon o acento nas grandes dificultades de financiamento do sector cinematográfico galego.
- A participación da Televisión de Galicia enmárcase na **política de apoio ao audiovisual galego desenvolvido pola canle pública** ao longo dos últimos anos.
- As **produtoras galegas cun maior número de participacións** na produción de longametraxes son Continental Producciones, o grupo Filmanova, Atlántico Films e Filmmax Animation.
- A nova Lei do Cine contempla, entre outras medidas, a creación dun novo **fondo económico para o fomento e protección do uso das linguas cooficiais** distintas á castelá na cinematografía e no audiovisual.

Longametraxes galegos participados por produtora (1986-2008)



% de participación das produtoras galegas na produción dos títulos



Longametraxes galegos participados en cada un dos anos (1986-2008)

